

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE XANEIRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de Janeiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEZO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Xefa do Servizo de Persoal, dona Marta López Peña, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 26 de decembro de 2012 e 2 de xaneiro de 2013, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación composta de planta baixa e unha alta, sita na rúa San Lourenzo, número 24 e para cambio de uso de planta baixa comercial a garaxe aparcadoiro en grado 1º - situación B, no edificio sito na rúa Túnel de Oural, número 5.


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase o réxime de substitucións dos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Dopeso García.

Código Seguro de verificación:NaOpiB21uPczSzFe0rJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia	FECHA	10/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	NaOpiB21uPczSzFe0rJzMA==	PÁGINA 1/1


NaOpiB21uPczSzFe0rJzMA==